

GAÑADORA na categoría de PERSOAS ADULTAS

IRENE ALONSO GASALLA

CEIP Manuel Vidal Portela, Pontevedra

RECORDOS NA SOLEIRA

Era un sábado coma calquera outro de xaneiro; moi fresquiño. Balbino saíu á soleira da porta, coma de costume, a ollar a vida.

Ollou a paisaxe, ata onde lle daba a mirada, xa tinguida de vellez.

Reparou nas pingueiras de orballo que quedaran pousadas na herba, e das que bebían as traballadoras formigas. A estas xa non as atinaba a ver. Pero recordábaas de cando era cativo. Lembraba como ían unha tras doutra, carrexando as migallas do bocadillo de xamón con queixo que lle fixera a súa nai.

Escoitou un trilo de merlos, moi baixo, coma con eco... e, co rechouchío, veulle outro recordo, de cando lle roubara un bico á súa primeira moza, baixo o castiñeiro. Maruxa... o seu amor verdadeiro, nai dos seus seis fillos, avoa de quince netos e dalgún que outro bisneto.

Sacou un pé da zoca e sentiu a herba mol e fresca nas dedas núas. E acordouse de cando metera un gol por todo o escuadro, na portería do bocapodre do Martín. Que ben lle estivera ao fachendoso...

O camiión do panadeiro deixou un par de barras na porta do veciño. O arrecendo foille familiar, e levouno ata a guerra. Pouco máis ca un corrosco de pan con cebola tivera para levar á boca daquela...

Tras un longo bocexo, Balbino fitou as mans. Non as recoñeceu. Eran unhas mans apergamiñadas, con fendas de anos vividos, de eiras segadas, e de traballar arreo; como as formigas...

Confuso, ergueu de novo a mirada, devagar. Ollou a paisaxe. Notou un arrepío de frío nun pé.

Unha voz estraña faloulle dende a cociña.

Balbino, meu rei. Xa estás na soleira co pé descalzo na herba? Son as sete da mañá! Seica queres coller outra catarreira? Anda, entra; que che preparo unha cunca de leite morno.